

## **PRESÉNTOVOS A MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ**

*(Xoán Rubia)*

Quizais algún de vostedes xa o coñeza, pero como soe ser bastante frecuente ter ao profeta ao teu carón e non decatarse, é por iso que convén poñer en valor a vida e a obra da xente que por diversas razóns colaborou a proxectar a Galicia dende a parcela do traballo que lle correspondeu, como é o caso do autor que hoxe nos ocupa: Manuel Rodríguez López, un home que dende Cataluña sempre tivo a Galicia como referencia sendo un cronista de todo o que acontecía aos galegos que foran, coma el, a aqueles lares na procura dun mundo mellor.

Escribiu en prosa e tamén poesía sempre con Galicia e as súas xentes presentes. Como prosista ten un libro moi suxerinte que se titula *Viaxes con Anxel Fole* que ven de ser o relato das viaxe que fixo co insigne escritor galego a través da nosa xeografía, e como poeta ten varias publicacións case sempre escritas dende abaixo, cunha clara conciencia social.

Neste campo habería que subliñar o seu poemario titulado *Soldada Mínima*. Malia escribir prosa e poesía tamén abordou a temática da reportaxe e da tradución ao facer un traballo excelente coa obra *L'Atlántida* do gran poeta catalán Jacinto Verdager que segundo Xesús Alonso Montero representa unha páxina admirábel neste xénero.

Pois malia todo iso, Manuel Rodríguez López non é suficientemente coñecido na súa terra como sucede con tantos outros, cousa que haberá que considerar como unha débeda pendente con toda esta xente que é merecente de estar na memoria colectiva do pobo ao que dedicaron gran parte do seu traballo.

No caso de Rodríguez López, nado en Paradela (Lugo) no 1934 e falecido no hospital da capital da provincia en febreiro do 1990, un grupo de amigos decidiu abordar o compromiso de dalo a coñecer cunha exposición itinerante sobre a súa vida e a súa obra que estes días temos en Ferrol, no antigo Hospicio e que serve para situar no espazo e no tempo a un home bo e xeneroso que fixo interesantes achegas ás letras galegas dende Barcelona onde traballou como administrativo naquela famosa empresa que facía motocicletas chamadas *Ossa*.

Era pois, como soe acontecer, un asalariado nunha empresa capitalista e escribiu sobre a problemática obreira con coñecemento de causa, tanto que Méndez Ferrín o cualificou como *o poeta obreiro*. Un obreiro cualificado, si, e con formación humanística acadada no seminario de Barcelona, un poeta obreiro no que atopei certas similitudes con outros que tamén dedicaron a maior parte dos seus traballos á cuestión social, coma por exemplo Celso Emilio Ferreiro que nunha estrofa do seu poema "Fuco Pérez" di: *Tes o día tes a noite/ tes os paxaros da ialba/tes as estrelas do ceo/ tes as rúas e as estradas/ Fuco Pérez Sinsegundo, que che falta?/.E miren o que expón Rodríguez López no seu poema "Os días da semana": Domingo, prega os xionllos/ergue unha oración de gracias/que tes saúde e tes traballo/ respiras, ollas, soñas...non che basta?*

Rodríguez López é tamén un poeta de lembranzas, de estar moi preto da súa aldea, das vivencia infantís, do que sente un galego cando está lonxe da terra. A súa morte prematura, cando contaba 55 anos, truncou quizais unha traxectoria poética que acadaría se cadra un pulo maior. Por todo iso: pola amizade, polo compromiso intelectual, polo que traballou a prol da cultura galega fóra de Galicia e por moitas cousas máis é polo que os amigos de Paradela e de Lugo trouxeron a Ferrol esta exposición que, en forma de oito paneis amosa toda unha vida de creación literaria. Se tedes oportunidade ide polo Hospicio ( 1º andar). Paga a pena, abofé.